


## Facultade de Filoxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta de Xunta ordinaria de Facultade  
3 de xuño de 2016**



## ASUNTO: Convocatoria de Xunta de Facultade

Por orde do Decano convócoa/o a unha sesión ordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, que se vai celebrar o vindeiro día 3 de xuño, venres, ás 9:30h en primeira convocatoria e ás 10:00h en segunda, no Salón de Actos da FFT, coa seguinte

### ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (sesión ordinaria do 7/4/2016)
  - a. Versión electrónica (arquivo pdf enviado á [fft@uvigo.es](mailto:fft@uvigo.es))
  - b. Versión en papel (dispoñible no decanato ata o 2/7/2016 ás 14 horas)
2. Informe do decano
3. Aprobación, se proceder, do plan de accións de mellora en resposta ao informe provisional de avaliación para renovación da acreditación do Grao en Tradución e Interpretación e do Grao en Linguas Estranxeiras (aprobados pola Comisión de Calidade de 30 de maio de 2016)
4. Ratificación do representante do equipo decanal nas CAM proposto polas comisións académicas dos mestrados impartidos na FFT
5. Aprobación, se proceder, do calendario académico da FFT para o curso 2016-2017
6. Rolda aberta de intervencións.


Vigo, 31 de maio de 2016

A Secretaria



Enmen Cabeza Pereiro

A/A MEMBROS DA XUNTA DE CENTRO DA FFT



Praza das Cantigas, s/n  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 251  
Fax 986 812 380


webs.uvigo.es/fft  
sdfft@uvigo.es

**ASUNTO: Convocatoria de Xunta de Facultade**

Por orde do Decano reformúlase o asunto do punto 4 da orde do día da sesión ordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, convocada para o vindeiro día 3 de xuño, venres, ás 9:30 en primeira convocatoria, e 10:00h en segunda, no Salón de Actos da FFT, do seguinte xeito.

Punto 4 reformulado:

**Ratificación das renovacións nas CAM propostas polas comisións académicas dos mestrados impartidos na FFT**

31 de maio de 2016  
A Secretaria  
  
Carmen Cabeza Pereiro

**A/A MEMBROS DA XUNTA DE CENTRO DA FFT**

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución,  
que se celebrou o día 3 de xuño de 2016 no Salón de Actos da Facultade.**

Asistentes:

*Equipo decanal*

Alonso Bacigalupe, Luis  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> del Carmen  
Anaya Revuelta, Inmaculada  
Del Pozo Triviño, Maribel  
Figueroa Dorrego, Jorge Juan  
Rodríguez Barcia, Susana

*Sector (A) Profesorado*

Álvarez Lugris, Alberto  
Baxter, Robert Neal  
Becerra Suárez, M<sup>a</sup> Carmen  
Bringas López, Ana  
Bueno Alonso, Jorge Luís  
Chas Aguión, Antonio  
Cruces Colado, Susana  
Domínguez Castro, Luís  
Fariña Busto, M<sup>a</sup> Jesús  
Fernández Álvarez, M. Santiago  
Fernández Rodríguez, Aurea  
Galanes Santos, Iolanda  
García-Miguel Gallego, José M<sup>a</sup>.  
Ledo Lemos, Francisco José  
Luna Alonso, Ana  
Luna Sellés, Carmen  
Martín Lucas, Belén  
Martínez Ínsua, Ana Elina  
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia  
Montero Küpper, Silvia  
Montero Reguera, José Francisco  
Navaza Blanco, Gonzalo  
Noia Campos, M<sup>a</sup> Camino  
Palacio Sánchez, Xosé Antonio  
Pereira Rodríguez, Ana M<sup>a</sup>  
Pérez Paz, M<sup>a</sup> Flor  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Rama Martínez, M<sup>a</sup> Esperanza  
Ribao Pereira, Montserrat  
Rifón Sánchez, Antonio  
Rodríguez Guerra, Alexandre  
Rodríguez Rodríguez, Beatriz  
Ruzicka Kenfel, Veljka  
Sánchez Trigo, M<sup>a</sup> Elena  
Scoane Pose, Elena C.  
Solla González, Amparo

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 10.10h

**ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (sesión ordinaria do 7/4/2016)

Apróbase por asentimento.

2. Informe do Decano

Informa o decano dos seguintes asuntos:

- a. Informe provisional de avaliación para a acreditación dos títulos Máster en Tradución Multimedia, Grao en Linguas Estranxeiras e Grao en Tradución e Interpretación.  
O MTM foi o primeiro título da Universidade de Vigo que recibiu a acreditación sen necesidade de melloras. No caso dos dous graos o informe aconsella algunhas accións. Os plans de melloras preceptivos serán aprobados hoxe, se procede.  
O decano dá os parabéns a todas as persoas que interviñeron nos procesos de acreditación.
- b. Actos de graduación  
Hoxe hai dous simultaneamente: Grao en Estudos de Galego e Español, na Facultade de Filoloxía e Tradución e Grao en Tradución e Interpretación na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. No primeiro actuará a secretaria e no segundo o decano.  
O venres pasado tivo lugar o acto de graduación do estudantado de Linguas Estranxeiras, ao que acudiu o vicedecano de Relacións Exteriores, por ausencia do decano
- c. Guías docentes  
Por motivos de calendario non vai ser posible que se aproben nunha mesma sesión, polo que se prevé ter que convocar a Xunta de Facultade

Suárez Briones, Beatriz  
Varela Bravo, Eduardo

*Sector (B) Profesorado*  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
Yáñez Bouza, Nuria

*Sector (C) Alumnado*

Álvarez Suárez, Vera  
Arca Castro, Manuel  
Barbosa Losada, Víctor  
Carrillo Rodríguez, Lara  
Diz Ferreira, Jorge  
Fernández Casanova, Alicia  
Freijeiro Ocampo, Eva  
García Fonte, Nuria  
Gómez Martínez, Alejandro  
González López, Sixto  
Lago Lorenzo, Melisa  
López Abelenda, Álvaro  
Pereira Romasanta, Raquel  
Powell Ríos, Jennifer  
Quevedo Pacín, Pablo

*Sector (D) PAS*

Fernández Cruz, Manuel  
Fernández Piñeiro, M<sup>a</sup> Olga  
Iglesias van der Woude, Miguel  
López Cotón, Rosa  
Pérez Pereira, Alberto  
Santos García, Mercedes

*Desculpas e ausencias xustificadas*

Agustín Guijarro, Javier de  
Baltrusch, Burghard  
Candelas Colodrón, Manuel A.  
Cortés Gabaudán, Helena  
Corvo Sánchez, M<sup>a</sup>. José  
Costas González, Xosé Henrique  
Díaz Fouces, Óscar  
Fernández Berciano, Enya  
Fernández Ocampo, Anxo  
Fernández Pena, Yolanda  
Fernández Salgado, Xosé A.  
García Castro, Laura  
García Fuentes, Iván  
García González, Marta  
González Álvarez, M<sup>a</sup> Dolores  
Leyte Coello, Arturo  
López Pais, Cristina  
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel  
Marcet Rodríguez, Helena E.

o 5 e o 15 de xullo

d. Accións de promoción do Grao en Ciencias da Linguaxe

Hai programadas unha serie de accións, combinadas coas que fai a Universidade de Vigo de xeito centralizado: cuñas de radio, anuncio en prensa, noticias en Facebook, Twitter, e outras. Algunhas destas están financiadas pola viceirreitoría de Economía e Planificación.

e. Substitución da vicedecana de Calidade por permiso de maternidade pola profesora Beatriz Rodríguez, a quen o decano agradece a súa disposición.

f. Actividades culturais

g. Hai unha programación numerosa de actividades culturais para o comezo do curso 2016-2017: ciclo de conferencias relacionado coa día da Tradución, unha charla relacionada co día das Letras Galegas (que non foi posible facer na data habitual) e unha iniciativa de diálogos literarios. O decano pide unha certa flexibilidade para que permita ao estudiantado acudir a estas actividades.

3. Aprobación, se proceder, do plan de accións de mellora en resposta ao informe provisional de avaliación para renovación da acreditación do Grao en Tradución e Interpretación e do Grao en Linguas Estranxeiras (aprobados pola Comisión de Calidade de 30 de maio de 2016)

Toma a palabra a vicedecana de Calidade. Explica que a comisión avaliadora emite un informe escrito, do que resulta que o MTM é acreditado sen necesidade de melloras. No caso dos GLE e GTI formuláronse algunhas posibles melloras. Con esas suxestións redactouse un plan de melloras, que se someteu á aprobación da comisión de calidade o pasado 30 de maio. Con posterioridade formuláronse un par de modificacións mínimas. A vicedecana agradece o traballo das coordinadoras, e pide a aprobación dos plans (anexo). Apróbanse por asentimento.

4. Ratificación das renovacións nas CAM propostas polas comisións académicas dos mestrados impartidos na FFT

Montero Domínguez, Xoán  
Parada Diéguez, Arturo  
Pérez Guerra, Javier  
Ramallo Fernández, Fernando  
Rial Lago, Julián  
Ripoll Delebourse, Virginia  
Rodríguez Gallardo, Ángel  
Soto Andión, Xosé  
Sueiro Justel, Joaquín  
Valado Fernández, Liliana  
Yuste Frías, José

*Ausencias sen xustificar*

Alonso Alonso, Rosa  
Álvarez Gurdíel, Sara  
Andrés Iglesias, Jesús  
Angueira Viturro, Anxo  
Arias Freixedo, Xosé Bicito  
Báez Montero, Inmaculada C.  
Bermúdez Montes, M<sup>a</sup> Teresa  
Caneda Cabrera, M<sup>a</sup> Teresa  
Dasilva Fernández, Xosé Manuel  
Fernández Mato, Sofía  
García Albo, Marina  
Garrido Rodrigues, Carlos  
Gómez Clemente, Xosé M<sup>a</sup>  
Gómez Guinovart, Fco. Xavier  
González Maestro, Jesús  
Gregores Méndez, Javier  
Hernández Arias, Rocío  
Ledo Hermida, Iria  
Lorenzo García, M<sup>a</sup> Lourdes  
Matos García, Roi  
Miquel Vergés, Joan  
Peres Rodrigues, José Henrique  
Quilis Sanz, María José  
Rocha Táboas, Celia  
Rodríguez Vázquez, Rosalía  
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo  
Salceda Rodríguez, Hermes  
Souto Villanustre, Ana  
Torres Sotelo, Laura  
Urdiales Shaw, Martín  
Vázquez García, M<sup>a</sup> Celia  
Veiga Díaz, M<sup>a</sup> Teresa  
Vilaboa Cebreiro, Manuel

O decano explica por que se reformulou o punto (anteriormente “Ratificación do representante do equipo decanal nas CAM proposto polas comisións académicas dos mestrados impartidos na FFT”), con motivo dun cambio que se estaba a producir na CAM do MTM mentres se estaba a convocar a Xunta de Facultade.

Sométense á aprobación da Xunta de Facultade os seguintes cambios nas CAM dos mestrados da facultade:

- No Máster en Tradución Multimedia propónse o cambio na coordinación: pasa a ser coordinadora a profesora Ana M<sup>a</sup> Pereira, en tanto que o profesor Joan Miquel ocupará a secretaría
- As CAM dos restantes mestrados propoñen á vicedecana de Calidade.

Apróbanse por asentimento.

5. Aprobación, se proceder, do calendario académico da FFT para o curso 2016-2017

O decano comeza por explicar os presupostos dos que parte o calendario que se presenta para a súa aprobación. Todos os graos comezan e rematan o mesmo día. Para que comecen e rematen ao mesmo tempo todas as materias de grao, con independencia do número de horas (48 ou 52), propónse que as sesións das materias de 52 horas duren 2 horas, e as de 48 1h e 51 minutos.

Móstrase e explícase a proposta de calendario:

Primeiro cuadrimestre:


Comezan clases: 12 de setembro (luns)  
Finalizan as clases: 9 de decembro (venres)  
Periodo sen docencia: 12-14 de decembro  
Exames: 15 de decembro-19 de xaneiro

Segundo cuadrimestre:

Comezan as clases: 20 de xaneiro (venres)  
Finalizan as clases: 3 de maio (mércores)  
Periodo sen docencia: 4-8 de maio  
Exames: 9-24 de maio

Exames de convocatoria de xuño-xullo: 26 de xuño – 10 de xullo

O asunto dos exames foi tratado anteriormente tanto



na Comisión Permanente como na Comisión de Calidade. É preceptivo ter unha data de avaliación única, o que non impide a realización de exames parciais.

Ábrese unha quenda de intervencións.

A profesora Rosa Pérez di que o período de docencia ao final ten como resultado acumular as clases e non deixa oportunidade de consolidar os coñecementos. Manifesta o seu desacordo con dar datas de exame específicas para a avaliación única co argumento de que ninguén vai aprobar a materia nun exame final.

O decano contesta que tampouco se asentan coñecementos acumulando probas de avaliación non planificados ao final do período de docencia. Ademais, o calendario que se propón non impide desenvolver a avaliación continua.

O profesor Neal Baxter manifesta o seu acordo coa proposta, en particular coa distribución dos períodos sen docencia, que considera máis acaídos para o seu alumnado. Pregúntase se é legal que non haxa calendario oficial de avaliación e opina que é normal que haxa exames con datas e lugares porque os e as estudantes teñen que saber cando se teñen que examinar.

A profesora Belén Martín aclara que a asistencia do alumnado pode non ser obrigatoria se se entregan os traballos previstos na avaliación continua e que cada profesor ou profesora pode seguir especificando na guía docente como son as probas de avaliación.

O decano di que o alumnado ten dereito a dúas oportunidades de avaliación e que esta proposta non interfere na liberdade do profesorado para organizar as súas estratexias de avaliación. Cando non hai un calendario centralizado, é necesario negociar as datas porque coinciden con outras probas.

A profesora Sylvie Mascuñán di que está de acordo co profesor Baxter e pregunta que hai que poñer na guía docente. Respóndelle o decano que deberá indicar que o exame será na data oficial.

A profesora Bringas manifesta que está a favor de non ter clase en xaneiro. Explica que no seu caso a última proba de avaliación continua faina coincidir coa de avaliación única, en período de aulas. Pregunta se poderá facer coincidir a proba de avaliación única nun día de aulas. Refírese en particular ao caso do alumando Erasmus do primeiro cuatrimestre que marcha en decembro e non volve en xaneiro.

O decano responde que ao elaborar o calendario se tiveron en conta esas eventualidades, e que a avaliación única non se debera facer en día de aulas, senón no calendario oficial.

A vicedecana de Organización académica explica que esta planificación é necesaria e é o proceder xeral noutros centros. Preténdese evitar a acumulación de probas no final do período de docencia e favorecer a planificación do traballo por parte do alumnado.

A profesora Bringas pide que se clarifique que o calendario especifica datas para a avaliación única. O decano responde que non é necesariamente así. Á vicedecana lle consta que moitos profesores e profesoras piden examinar en decembro. Nese caso habería que ocupar datas próximas a Noiteboa.

A vicedecana de Calidade aclara que a data de avaliación única pode utilizarse para a entrega dun traballo, non ten que ser a data dun exame. Explica que desde Calidade enténdese que é necesario o calendario porque o alumnado o pide. Nas guías docentes ten que constar se unha das probas de exame coincidirá coa data oficial, pero se é o caso contrario e a data oficial non servirá para completar ou recuperar certos ítems de avaliación concretas isto haberá de ser especificado na guía docente.

A profesora Nuria Yáñez intervéñen nun sentido semellante á intervención da vicedecana de Calidade e fai aclaracións sobre o proceder das coordinacións.

A profesora Mascuñán puntualiza que os exames de interpretación son esencialmente prácticos.

Manuel Fernández Cruz pregunta pola convocatoria de fin de carreira. O decano responde que se terá en conta.

O profesor Baxter quere saber se o horario programado é o mesmo da docencia (de 9 a 21 horas), que é o horario en que o alumnado ten acceso ás instalacións e por tanto a internet.

O decano non ten a resposta pero pide aplicar o sentido común. Comprométese a facer a consulta e, en calquera caso, intentarase dar solución a esta cuestión.

Vótase a proposta de calendario cos seguintes resultados:

48 votos a favor

0 votos en contra

3 abstencións



Queda aprobado o calendario para o curso 2016-2017 tal e como figura máis arriba.

#### 6. Rolda aberta de intervencións

A profesora Belén Martín pregunta pola pintura dos aparcadoiros. O decano responde que se fará no verán.

A profesora Carmen Becerra pregunta se o alumnado ten ou non a obriga de ir a clase. O decano responde que desapareceu a recomendación de controlar a asistencia.

A profesora como se fan as clases prácticas se non hai tal obriga legal.

O profesor José Montero intervén para especificar que a noticia sobre a chegada á Universidade de Vigo do pergamiño Vindel débese á intervención da profesora Noia e agradécelle a súa xestión. A profesora Noia explica que tamén interviron outros profesores e resume como foi o proceso e cales son as condicións da biblioteca Morgan.


A profesora Bringas faise eco da noticia do falecemento dunha alumna Erasmus e solicita que a facultade formule as condolencias. O decano explica que se nos pediu discreción e pásalle a palabra ao vicedecano de Relacións Exteriores, quen explica que a cuestión está en mans da ORI e aclara que mandou un pésame. O reitor vai enviar outro en polaco. Chegará parte da familia. Haberá un funeral pero queren que sexa privado. O luns farase un pequeno acto sobre o que se pasará información.

O alumno Manuel Arca intervén para pedir que a próxima Xunta de Facultade comece unha hora máis tarde porque algúns membros do sector de estudantes teñen que se desprazar desde fóra de Vigo

Sen máis asuntos dos que facer mención, ás 11:40h levántase a sesión.

Vigo, 3 de xuño de 2016

Visto e prace do Decano



Luis Alonso Bacigalupe



A Secretaria



Manuel Carmen Cabeza Pereiro  
segundo o disposto polos artigos 6 e 7  
do *Regulamento Interno da FFT*, 67 dos  
*Estatutos da Universidade de Vigo* e 26.3 e  
27 da *Ley de Régimen Jurídico de las  
Administraciones Públicas y del  
Procedimiento Administrativo Común*

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o día 5 de xullo de 2016.

A Secretaria da Facultade



Mª del Carmen Cabeza Pereiro

## Anexo

### Plan de accións de mellora

(Punto 3 da orde do día: Aprobación, se proceder, do plan de accións de mellora en resposta ao informe provisional de avaliación para renovación da acreditación do Grao en Tradución e Interpretación e do Grao en Linguas Estranxeiras (aprobados pola Comisión de Calidade de 30 de maio de 2016))

---

Universidade de Vigo

*Campus de Vigo*

Facultade de Filoloxía  
e Tradución

---

Praza das Cantigas, s/n  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 251  
Fax 986 812 380

webs.uvigo.es/fft  
sdfft@uvigo.es

**ID MEC: 2500771**  
**Nº EXPEDIENTE: 1008/2009**

---

## **PLAN DE ACCIÓNS DE MELLORA**

### **EN RESPONSA AO INFORME PROVISIONAL DE AVALIACIÓN PARA A RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN**

**Centro: Facultade de Filoloxía e Tradución**  
**(Campus de Vigo)**

---

Aprobado na Comisión de Calidade o día 30 de maio de 2016

---

## Índice de Contidos

A estrutura do plan presentado contempla os seguintes aspectos segundo o informe de acreditación recibido:

- DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DA TITULACIÓN
  - o Criterio 1. Organización e Desenvolvemento
    - Análise da/s causa/s
    - Accións a desenvolver
    - Outras unidades colaboradoras
    - Data prevista de resolución
    - Responsable/s da execución e/o Seguimento
  - o Criterio 2. Información Pública
    - Análise da/s causa/s
    - Accións a desenvolver
    - Outras unidades colaboradoras
    - Data prevista de resolución
    - Responsable/s da execución e/o Seguimento
    -
  - o Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
    - Análise da/s causa/s
    - Accións a desenvolver
    - Outras unidades colaboradoras
    - Data prevista de resolución
    - Responsable/s da execución e/o seguimento
- DIMENSIÓN 2. RECURSOS
  - o Criterio 4. Recursos humanos
    - Análise da/s causa/s
    - Accións a desenvolver
    - Outras unidades colaboradoras
    - Data prevista de resolución
    - Responsable/s da execución e/o Seguimento
- DIMENSIÓN 3. RESULTADOS
  - o Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
    - Análise da/s causa/s
    - Accións a desenvolver
    - Outras unidades colaboradoras
    - Data prevista de resolución
    - Responsable/s da execución e/o Seguimento

# Universidade de Vigo

Campus de Vigo Facultade de Filoxía  
e Tradución

Praza das Cantigas, s/n  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 251  
Fax 986 812 380

webs.uvigo.es/fft  
sdfft@uvigo.es

ID MEC: 2500771  
Nº EXPEDIENTE: 1008/2009

UNIVERSIDADE: Universidade de Vigo

NOME DA TITULACIÓN Grao en Linguas Estranxeiras

O plan de traballo elaborase en resposta ao informe provisional de avaliación da acreditación en base á visita da comisión avaliadora con data: **7-8 de marzo de 2016**

Nome do/a Presidente/a: Dr/Dra Josefina Cuesta Bustillo (Universidad de Salamanca).

## 1. ASPECTOS OBXECTO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE MELLORA

Aspectos que é preciso mellorar

Resumo Dimensión 1 Criterio 1: Sistematización das accións de **coordinación** horizontal e vertical, implementación de accións de mellora relativas a nova normativa de **Traballo Fin de Grao**, mantemento dos contidos das **guías docentes** durante varios cursos académicos para garantir a superación das materias e mellora da información pública do grao na web da FFT.

Dimensión	Criterio	Análise da/s causa/s	Accións que se van a desenvolver	Outras unidades colaboradoras	Data prevista resolución	Responsables/ execución e/o seguimento
1. A Xestión do título	1. Organización e desenvolvemento	1. No relativo á sistematización de accións de coordinación horizontal e vertical, hai que sinalar como unha das causas a falta de persoal PDI voluntario que desempeñe o labor de coordinación de curso para a coordinación horizontal. Os coordinadoras e coordinadoras de materia non están suficientemente motivados para levar a cabo unha labor exhaustiva no relativo á coordinación horizontal.	1.1. Dende a coordinación da titulación buscarase implicar aínda máis á figura de coordinador/a de materia na planificación e desenvolvemento da materia, por exemplo con reunións programadas no momento de elaborar a guía docente, a principios e mediados do cuadrimestre, e tamén en relación ás probas de avaliación.	1.1. Coordinación da titulación, coordinadoras/es de materias.	1.1. Maio/xuño de 2016 durante o período de elaboración das guías docentes.	Coordinación da titulación. Equipo decanas! Coordinación da titulación

	1.2. Continuar coa xestión da elaboración do POD co fin de que as materias queden fragmentadas o menos posible.	1.2. Departamento	1.2. Marzo/abril de 2017 no período de elaboración do POD.	
<p>2. En relación coa necesidade de completar a implementación da acción de mellora coa nova normativa do Traballo Fin de Grao, hai que sinalar que no momento de entrega da documentación para a acreditación (novembro 2015) aínda non se aprobara o novo regulamento do centro para a materia de Traballo de Fin de Grao.</p>	<p>O 4 de marzo de 2016 aprobouse en Xunta de Facultade o novo regulamento do Traballo Fin de Grao para adaptarse á normativa da Universidade. Este Regulamento foi discutido e aprobado anteriormente na Comisión de Calidade celebrada o 3 de febreiro de 2016. O documento é accesible dende a páxina web da Facultade a través do seguinte enlace: <a href="http://fit.webs.uvigo.es/documentos/Regulamento-IFG.pdf">http://fit.webs.uvigo.es/documentos/Regulamento-IFG.pdf</a></p>	<p>Comisión de Calidade Equipo decanal Xunta de Facultade</p>	<p>Xa resolto en marzo 2016</p>	<p>Equipo Decanal Coordinación da titulación</p>
<p>3. No que atinxe a garantir a continuidade de contidos das materias tal e como sinala a comisión avaliadora da ACSUG, é necesario indicar que os cambios de contido atenden fundamentalmente a cambios no profesorado que imparte a materia. Isto soamente debe suceder en materias de cuarto curso. Ao seren materias optativas, permítese certo grao de cambio de contidos dependendo da especialidade do profesorado, xa que o alumnado ten información detallada dos contidos previamente ao período de matrícula.</p>	<p>A coordinadora da titulación prestará especial atención ás guías docentes de materias optativas co fin de manter unha maior continuidade entre cursos académicos.</p>	<p>Coordinación de titulación e coordinadores e coordinadoras de materia</p>	<p>Mellora en proceso de realización. Maio- Xuño 2016, período de elaboración das guías docentes.</p>	<p>Coordinación da titulación.</p>

Campus de Vigo     Facultade de Filoxía  
e Tradución

Praza das Cantigas, s/n     Tel. 986 812 251     webs.uvigo.es/ft  
Campus de Vigo     Fax 986 812 380     sdfit@uvigo.es  
36310 Vigo  
España

**ID MEC: 2500771**  
**Nº EXPEDIENTE: 1008/2009**

		Na materia de "Lingua para Fins Específicos" en particular, o cambio de contidos non foi problemático xa que a taxa de rendemento foi de 100% nos curso 2012/13, 2014/15, e de 93% no curso 2013/14.			
--	--	--	--	--	--



Aspectos que é preciso mellorar

Resumo Dimensión 1 Criterio 2: Carencias na Información pública do grao na web da FFT.

Dimensión	Criterio	Análise da/s causa/s	Accións que se van a desenvolver	Outras unidades colaboradoras	Data prevista resolución	Responsable/s execución e/o seguimento
1. A Xestión do Título	2. Información e Transparencia	<p>Detéctase que a accesibilidade á información pública da web da Facultade debe mellorarse. Aínda que se observa unha mellora progresiva, solicítase que se continúe co desenvolvemento desta acción.</p>	<p>Estase a facer unha reforma integral da páxina web da FFT na que se incorpora toda a información institucional do centro e toda a información académica relativa aos títulos de grao e de máster impartidos no centro. Tras a realización do procedemento "DO-0301 P1 Información Pública e Rendemento de Contas", aprobado na Comisión de Calidade celebrada o 12 de maio de 2016, detectáronse algunhas carencias que serán subsanadas neste proceso de reforma.</p> <p>Na comisión de Calidade celebrada o día 12 de maio de 2016 deuse a oportunidade de que os membros que a compoñen aportasen suxestións para levar a cabo as melloras que consideren pertinentes.</p>	Comisión de Calidade	Setembro 2016	Equipo Decanal

Aspectos que é preciso mellorar

Resumo Dimensión 3 Criterio 7: Baixa cualificación do Item Planificación e desenvolvemento nas enquisas de satisfacción e taxa de graduación por debaixo do valor previsto na memoria de verificación do título.

Dimensión	Criterio	Análise das causas	Accións que se van a desenvolver	Outras unidades colaboradoras	Data prevista resolución	Responsable/s execución e/o seguimento
3. Resultados	7. Indicadores de satisfacción e rendemento	<p>1. En relación cos resultados das enquisas de satisfacción no ítem sinalado, o dato corresponde a un 53% (2,65/5). O cadro histórico indica que o valor baixou levemente dende o curso pasado 2013/14, mentres que se mantivo estable nos cursos académicos anteriores: 61,14% en 2013/14; 61,57% en 2012/13; 60,57% en 2011/12.</p> <p>Consideramos que as causas poden estar relacionadas coa falta de información detallada nalgunhas guías docentes sobre o procedemento de avaliación, e coa carga lectiva nalgunhas materias, considerada excesiva en ocasións por parte do alumnado.</p> <p>Con todo, consideramos que a enquisa de avaliación docente ofrece datos máis sólidos ca enquisa de satisfacción a este respecto por ofertar o desglose planificación-desenvolvemento e por centrarse nas materias de xeito máis específico.</p> <p>A enquisa de avaliación docente documenta dous</p>	<p>No Grao en Linguas Estranxeiras dispónse dun protocolo de elaboración de guía docentes onde se tenta en primeiro lugar informar ao profesorado e, en segundo lugar, comprobar que a información é suficiente e a carga lectiva adecuada. A coordinadora da titulación prestará especial atención a estes dous ítems no período de elaboración das guías docentes. A coordinadora tentará concienciar ao profesorado da importancia destes dous ítems para o bo desenvolvemento da docencia.</p>			<p>Mellora en proceso de realización. Maio-Xuño 2016, período de elaboración das guías docentes.</p> <p>Coordinación da titulación.</p>

		<p>ítems relacionados nos que a satisfacción é altamente positiva.</p> <p>Por unha banda, a valoración global da <u>planificación</u> das materias en 2014/15 acadou unha porcentaxe saudable de 77% (3,85/5); isto supón un aumento en comparación ao curso 2013/14 (75%; 3,73/5), e a media de 2014/15 é tamén superior á media da Universidade (72%; 3,60/5). Por outra banda, a valoración global do desenvolvemento das materias canto á información planificada na guía docente rexistra unha porcentaxe superior de 82,2% (4,11/5), máis elevada cá media da Universidade (76,8%; 3,84/5) e cá valoración do curso pasado 2013/14 (79,6%; 3,98/5).</p>	<p>Na elaboración do POD para o próximo curso 2016-2017 procedeuse xa con cambios na asignación de profesorado en materias cunha baixa taxa de éxito ou rendemento.</p> <p>Asimesmo, outra estratexia de mellora é a de empregar canles de comunicación co alumnado como o programa de mentoring MEET-FFT e o Plan de Acción Tutorial para ter un mellor coñecemento do progreso do alumnado, e así poder detectar posibles causas de insatisfacción ou falta de</p>	<p>Dirección do departamento</p> <p>Titoras/es de PAT e programa MEET-FFT.</p>	<p>Xa resolto.</p> <p>Abril 2016, período de elaboración do POD</p> <p>Curso 2016/17</p>	<p>Coordinación da Titulación</p>
<p>2. Consideramos que entre as causas posibles da baixa taxa pode estar relacionada con:</p> <p>a) as trabas administrativas para a matrícula de certas materias, como o Traballo de Fin de Grao;</p> <p>b) o alto coste económico de segunda matrícula – o alumnado prefire matricularse de menos materias por temor a ter que pagar outra matrícula;</p> <p>c) a baixa taxa de éxito e rendemento en certas materias repetidamente;</p> <p>d) a taxa de abandono.</p>						

# Universidade de Vigo

Campus de Vigo  
Facultade de Filoloxía  
e Tradución

Praza das Cantigas, s/n  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 251  
Fax 986 812 380

webs.uvigo.es/fft  
sdfft@uvigo.es

ID MEC: 2500771  
Nº EXPEDIENTE: 1008/2009

	Con todo, rexistrouse un incremento do curso 2013/14 ao curso 2014/15 que pode estar relacionado coa mellora no sistema de avaliación de competencias e co alto grao de satisfacción rexistrado nas enquisas do alumnado en 4º curso.	motivación para rematar os estudos no tempo desexado. Finalmente, hai que sinalr que xa se engadiu unha pregunta específica sobre a duración dos estudos na enquisa propia da titulación, que xa foi enviada ao alumnado.	Xa resolto en Maio de 2016	
--	---	--	-------------------------------	--

## 2.RECOMENDACIÓNS PARA A MELLORA

### Recomendación para a mellora sinalada no informe

Resumo Dimensión 1 Criterio 2: Recomiéndase completar a información sobre os representantes dos estudantes nas comisións da FFT, facer públicos os compoñentes das delegacións, completar a información relativa ao Traballo Fin de Grao e, finalmente, mellorar a visibilidade do traballo da Comisión de Garantía de Calidade (CGC) a través da publicación da composición nominal, actas e acordos das reunións da CGC da FFT.

Dimensión	Criterio	Análise das causas	Accións que se van a desenvolver	Outras unidades colaboradoras	Data prevista resolución	Responsable/s execución e/o seguimento
1. A Xestión do Título	2. Información e transparencia	1. A falta de información sobre os representantes do estudiantado e a composición da Delegación de Alumnado xustificase fundamentalmente no feito de que ata o cambio no equipo decanal en novembro de 2015 a presenza do alumnado era mínima ou nula nos órganos colexiados e comisións delegadas. Tras un proceso de conciliación ao alumnado levado a cabo entre decembro e xaneiro de 2015-2016 logrouse acadar unha participación importante do estudiantado.	1. O 17 de febreiro de 2016, tras o proceso de conciliación solicitado dende a área de calidade da FFT e dirixido fundamentalmente polas coordinacións dos títulos e por iniciativas do profesorado, a Xunta Electoral enviou á Secretaría Xeral proclamación definitiva das candidaturas para representación do alumnado na Xunta de Facultade, na que constan os nomes dos 31 alumnos e alumnas matriculados na FFT. No actual proceso de reforma integral da	Coordinación do título	Setembro 2016	Equipo Decanal

# Universidade de Vigo

Campus de Vigo

Facultade de Filoloxía  
e Tradución

Praza das Cantigas, s/n  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 251  
Fax 986 812 380  
webs.uvigo.es/fft  
sdlfft@uvigo.es

ID MEC: 2500771  
Nº EXPEDIENTE: 1008/2009

		web da FFT xa se contemplou un submenú específico para incluír as composicións de órganos colexiados e comisións da FFT. Tamén se recollerá a composición, estatutos e estrutura da Delegación de alumnado.			
2. En canto á falta de información pública relativa a algúns aspectos do Traballo Fin de Grao (líñas e tribunais), ás prácticas externas, ao perfil de ingreso recomendado, normativa de permanencia, e á oferta de TFG, as causas son novamente relativas ás deficiencias da páxina Web da FFT que estaba dispoñible no momento da visita da comisión avaliadora, posto que se admite que esta información si está recollida noutras canles de difusión.	2. Na reforma integral da páxina web da FFT que estase levando a cabo dende abril de 2016 incluírase toda a información requirida pola comisión, en submenús específicos accesibles e fáciles de localizar.  Seguirase ademais poñendo esta información nas canles nas que xa estaba dispoñible a tal o momento, como na plataforma docente Faitic e nos taboleiros da FFT.		Equipo decanal	Setembro 2016	Equipo Decanal
3. Pouca visibilidade do traballo da Comisión de Garantía de Calidade (CGC)	Un dos aspectos que xa se tratou na Comisión de calidade celebrada o 12 de maio de 2016 é a necesidade de reformar a información pública relativa á propia comisión. Xa se fixo unha proposta de reforma do botón de Calidade da web da FFT na que se contempla a publicación da composición nominal e das actas e acordos das reunións da comisión na web da Facultade, entre outros documentos.		Comisión de Calidade da FFT	Maio-Setembro 2016	Equipo Decanal

Campus de Vigo Facultade de Filoloxía  
e Tradución

Universidade de Vigo

Praza das Cantigas, s/n  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 251  
Fax 986 812 980

webs.uvigo.es/fft  
sdfft@uvigo.es

ID MEC: 2500771  
Nº EXPEDIENTE: 1008/2009

Recomendación para a mellora sinalada no informe

Resumo Dimensión 1 Criterio 3: Recomendase a promoción da participación do alumnado, do profesorado e do PAS do centro nas enquisas de satisfacción; a promoción da participación activa do alumnado nas Comisións da Facultade; a difusión da importancia de avaliar a calidade da docencia a través do programa DOCENTIA ou similares; e a sistematización da recollida e análise de datos de satisfacción do alumnado sobre programas de mobilidade.

Dimensión	Criterio	Análise da/s causa/s	Accións que se van desenvolver	Outras unidades colaboradoras	Data prevista resolución	Responsable/s execución e/o seguimento
1. A Xestión do Título	3. Sistema de Garantía de Calidade	1. Sobre a baixa participación do alumnado, do profesorado e do PAS do centro nas enquisas de satisfacción, as causas poden estar na falta de visibilización da utilidade das respostas, así como no feito de que se realicen de forma virtual e non en papel (como as do profesorado).	1. Dende a Área de Calidade da Universidade de Vigo, así como da FFT, solicítouse as coordinacións dos títulos e ao equipo decanal a maior difusión das enquisas nas etapas en que están abertas. Este fomento da participación de todos os sectores do centro realizouse a través de distintas canles: Fatic, pantalla de plasma da FFT e correo masivo ás listas da FFT. Tamén se contempla a actualización da información sobre índices de participación na páxina web da Facultade. Estas accións deron os seus froitos, pois a falta de máis de dez días para o peche das enquisas de satisfacción, a FFT acado xa un 25,7 % de participación, unha cifra por encima da media da Universidade de Vigo.	Coordinación da titulación CGC da FFT	Maio-setembro 2016	Equipo Decanal

	<p>2. En relación co mantemento da participación do alumnado nas Comisións da Facultade que se observa dende febreiro de 2016, as causas da falta de participación observada no curso 2014-2015 pode estar no feito de que en anteriores equipos decanais da FFT non se concedera a importancia radical que ten este aspecto no bo funcionamento do centro. Como a propia comisión avaliadora indica no informe, isto está subsanado e a mellora debe ir orientada a seguir promovendo a participación do sector alumnado en todas comisións, xa que se trata dun grupo de interese fundamental no sistema universitario.</p>	<p>2. Como xa se indicou, o 17 de febreiro de 2016, tras o proceso de concienciación solicitado dende a área de calidade da FFT e dirixido polas coordinacións dos títulos, culminouse o proceso electoral e se remitiu á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo a proclamación definitiva das candidaturas para representación do alumnado na Xunta de Facultade, na que constan os nomes dos 31 alumnos e alumnas matriculados na FFT. No actual proceso de reforma integral da web da FFT xa se contemplou un submenú específico para incluír as composicións de órganos colexiados e comisións da FFT. Existe participación do alumnado en todas as comisións da FFT. En concreto, na Comisión de Calidade participan xa a alumna Cristina López e o alumno Julián Rial Lago.</p>	<p>Coordinación da titulación CGC da FFT</p>	<p><b>Xa solucionado. Mellora continua para a consolidación</b></p> <p><b>Equipo Decanal</b></p>	
<p>3. Sobre a importancia da participación en programas de avaliación do profesorado, en concreto no programa DOCENTIA, hai que sinalar como causa fundamental que o primeiro curso no que se implantou na Universidade de Vigo foi no 2015-2016, para avaiar xustamente o curso 2014-2015.</p>	<p>3. Na actualidade xa se lle deu visibilidade ao programa DOCENTIA a través do plataforma FAITIC da CGC da FFT, e tamén se proxectou un acceso específico na web da Facultade, dentro do botón de calidade. Ademais, a Área de Calidade da Universidade de Vigo ofreceu información sobre este programa e xa requiriu información aos centros e ao profesorado para completar a súa avaliación anual.</p>	<p>CGC da FFT Área de Calidade da Universidade de Vigo</p>	<p><b>Mellora en proceso de realización dende febreiro de 2016</b></p> <p><b>Equipo Decanal</b></p>		

	4. Finalmente, en canto á falta evidencias sobre a sistematización na recollida e análise dos datos de satisfacción do alumnado cos programas de mobilidade, as causas poden atoparse na ausencia dunha enquisa específica ata o curso 2015-2016 para coñecer estas informacións.	4. A mellora pasa necesariamente por crear unha enquisa específica de satisfacción cos programas de mobilidade. Esta enquisa está feita dende hai tempo pero ten que validala a Vicerreitoría de Alumnado.	Equipo decanal	Maio-setembro 2016	Vicedecanato Relacións Internacionais Vicerreitoría de Alumnado
--	---	--	----------------	--------------------	---

## Recomendación para a mellora sinalada no informe

Resumo Dimensión 2 Criterio 4: Recomendábase ofertar programas de formación en idiomas para o PAS do centro.

Dimensión	Criterio	Análise das causas	Accións que se van a desenvolver	Outras unidades colaboradoras	Data prevista resolución	Responsable/s execución e/o seguimento
2. Recursos	4. Recursos Humanos	Sobre a falta de oferta formativa en idiomas do PAS do centro, en realidade a causa de que non se ofertan dende o centro é que xa se ofertan dende o catálogo xeral de cursos ofertados na Universidade de Vigo a través de Bubela. Moitos dos cursos ofertados están dirixidos á totalidade da comunidade universitaria (incluído o PAS) e outros incluso son específicos para PAS. No que se refire a idiomas, Bubela ofrece os seus cursos de linguas a través do Centro de Linguas da Universidade de Vigo, cuxa sede está ubicada na Facultade de Filoloxía e Tradución, polo que o PAS do centro dispón de moitas facilidades para coñecer e acceder a estes cursos.	Dende o equipo decanal tratarase de incentivar ao PAS para que realice os cursos específicos de idiomas que se ofertan tanto para PAS como para toda a comunidade universitaria no Centro de linguas.	Centro de linguas	Mellora continua no curso 2016-2017	Equipo decanal



## Recomendación para a mellora sinalada no informe

Resumo Dimensión 3 Criterio 7: Recomendábase a incorporación dunha análise sobre a inserción laboral e a satisfacción dos egresados nos futuros autoinformes de seguimento

Dimensión	Criterio	Análise das causas	Accións que se van a desenvolver	Outras unidades colaboradoras	Data prevista resolución	Responsable/s execución e/o seguimento
3. Resultados	7. Indicadores de satisfacción e rendemento	<p>Por unha parte, a causa de que no Grao en Linguas Estranxeiras non se dispoña de información sobre inserción laboral é que neste grao non se realizan prácticas externas e o contacto co mercado laboral é algo menor que noutras titulacións.</p> <p>Por outra lado, aínda que ten grande importancia coñecer o grao de satisfacción do alumnado egresado deixábase nun segundo plano, o que ocasiona a falta de información acerca da inserción laboral e a satisfacción do alumnado egresado.</p>	<p>En marzo de 2016 dende a Área de calidade da universidade se puxo en marcha unha enquisa específica para empregadores e outra específica para estudiantado egresado co fin de coñecer o seu grao de satisfacción</p>	CGC da FFT	Xa resolto en marzo de 2016	Área de Calidade da Universidade de Vigo Coordinación do Grao

Universidade de Vigo

Campus de Vigo

Facultade de Filoxía  
e Tradución

Praza das Cantigas, s/n  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 251  
Fax 986 812 380


webs.uvigo.es/fft  
sdfft@uvigo.es

**ID MEC: 2500771**  
**Nº EXPEDIENTE: 1008/2009**

Vigo, 30 de maio de 2016


Vº B. O Presidente da CGC FFT

Luis Alonso Bacigalupe



A Secretaria da CGC

Susana Rodríguez Barcia



# Universidade de Vigo

*Campus de Vigo*


*Facultade de  
Filoloxía e  
Tradución*

*Praza das Cantigas, s/n  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España*

*Tel. 986 812 251  
Fax 986 812 380  
webs.uvigo.es/fft  
sdffi@uvigo.es*

**ID MEC: 2500771**  
**Nº EXPEDIENTE: 1008/2009**

Dilixencia para facer constar que este "Plan de accións de mellora en resposta ao informe provisional de avaliación para a renovación do título Grao en Linguas Estranxeiras" foi aprobado sen alegacións na reunión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o 3 de xuño de 2016.

  
O Rector da Facultade de Filoloxía e Tradución  
D. Luís Antonio Balcigalupe

Universidade de Vigo

*Campus de Vigo*

Facultade de Filoloxía  
e Tradución

Praza das Cantigas, s/n  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 251  
Fax 986 812 380

[webs.uvigo.es/ift](http://webs.uvigo.es/ift)  
[sdfft@uvigo.es](mailto:sdfft@uvigo.es)

**ID MEC: 2500888**  
**Nº EXPEDIENTE: 1007/2009**

# **PLAN DE ACCIÓNS DE MELLORA**

## **EN RESPONSA AO INFORME PROVISIONAL DE AVALIACIÓN PARA A RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN**

**Centro: Facultade de Filoloxía e Tradución**  
**(Campus de Vigo)**

---

Aprobado na Comisión de Calidade o día 30 de maio de 2016

---

## Índice de Contidos

A estrutura do plan presentado contempla os seguintes aspectos:

- DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DA TITULACIÓN
  - o Criterio 1. Organización e Desenvolvemento
    - Análise da/s causa/s
    - Accións a desenvolver
    - Outras unidades colaboradoras
    - Data prevista de resolución
    - Responsable/s da execución e/o Seguimento
  - o Criterio 2. Información Pública
    - Análise da/s causa/s
    - Accións a desenvolver
    - Outras unidades colaboradoras
    - Data prevista de resolución
    - Responsable/s da execución e/o Seguimento
  - o Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
    - Análise da/s causa/s
    - Accións a desenvolver
    - Outras unidades colaboradoras
    - Data prevista de resolución
    - Responsable/s da execución e/o seguimento
- DIMENSIÓN 2. RECURSOS
  - o Criterio 4. Recursos humanos
    - Análise da/s causa/s
    - Accións a desenvolver
    - Outras unidades colaboradoras
    - Data prevista de resolución
    - Responsable/s da execución e/o Seguimento
  - o Criterio 5. Recursos materiais e servizos
    - Análise da/s causa/s
    - Accións a desenvolver
    - Outras unidades colaboradoras
    - Data prevista de resolución
    - Responsable/s da execución e/o Seguimento

- DIMENSIÓN 3. RESULTADOS
  - o Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
    - Análise da/s causa/s
    - Accións a desenvolver
    - Outras unidades colaboradoras
    - Data prevista de resolución
    - Responsable/s da execución e/o seguimento
    - Responsable/s da execución e/o seguimento
    -
  - o Criterio 7. Indicadores de satisfacción e
    - Análise da/s causa/s
    - Accións a desenvolver
    - Outras unidades colaboradoras
    - Data prevista de resolución
    - Responsable/s da execución e/o Seguimento

UNIVERSIDADE: Universidade de Vigo

NOME DA TITULACIÓN: Grao en Tradución e Interpretación

O plan de traballo elabórase en resposta ao informe provisional de avaliación da acreditación en base á vista de data: 7-8 de marzo de 2016  
Nome da Presidenta: Dra. Josefina Cuesta Bustillo (Universidade de Salamanca.)

## 1. ASPECTOS OBXECTO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE MELLORA

Aspectos que é preciso mellorar

**Resumo Criterio 1 Dimensión 1:** *Recoméndase sistematizar as accións de coordinación horizontal e vertical, mellorar o funcionamento das prácticas externas, aplicar a nova normativa de TFG e impartir a totalidade de contidos descritas nas guías docentes das materias.*

Dimensión	Criterio	Análise das causas	Accións que se van a desenvolver	Outras unidades colaboradoras	Data prevista resolución	Responsables execución e o seguimento
1. A xestión da titulación	1. Organización e desenvolvemento	1. Con respecto as accións de coordinación horizontal, non se conseguiu implantar adecuadamente a figura do coordinador de materia (debido á falta de recoñecementos), que sería o encargado da coordinación horizontal. Con todo, si existen coordinadores de materia que, en diversas ocasións se reuniron para non solapar contidos, por exemplo, en distintas combinacións lingüísticas. En canto á coordinación do grao realiza varias reunións co profesorado ao longo do curso co fin de unificar criterios con respecto a distintos temas, como sobre os idiomas 1 e 2, as linguas A1 e A2 e tamén cando advirte que hai necesidades específicas, pero non leva un programa sistemático de reunións porque excedería o tempo previsto de adicación á coordinación.	Dende a coordinación tentárase implicar á figura do coordinador de materia na planificación e desenvolvemento das asignaturas, por exemplo, con reunións programadas para elaborar a guía docente, na metade do cuatrimestre e en relación ás probas de avaliación.  Continuar, tal e como se fixo ata agora, con a xestión da elaboración do POD para que as materias se fragmenten o mínimo posible.	Coordinadores/as de materia Departamento Coordinación de titulación Equipo decanal	Marzo, abril (durante a elaboración do POD)  Maio/xuño de 2016 durante o período de elaboración das guías docentes  Mellora de revisión continua	Coordinación de grao  Equipo decanal



1. A xestión da titulación	1. Organización e desenvolvemento	2. No relativo ao funcionamento das prácticas externas, hai que sinalar que o proceso de xestión de cada práctica implica 8 documentos, o cal supón unha excesiva burocratización. Por outra banda, os titores e titoras académicos que participan con carácter voluntario son poucos debido ao escaso recoñecemento desta labor, a pesar dos esforzos do decanato para repartir a bolsa de horas do centro.  Por outra parte, os titores e titoras de empresa non teñen entre as súas prioridades a dedicación de moito tempo á xestión de prácticas e o que teñen o utilizan para dar <i>feedback</i> ao alumnado sobre o seu traballo, que é o	Solicitar novamente ao Servizo de Emprego que simplifiquen o proceso e minimice a burocratización das prácticas en canto á redución dos documentos que interveñen. Temos novas de que están traballando nunha plataforma de xestión de prácticas para simplificar e homoxeneizar os protocolos, pero de momento (maio de 2016) aínda non está preparada.  Tamén se teñen que solicitar recoñecementos maiores en POD para os titores e titoras de prácticas, co fin de que sexan máis e que teñan maior motivación.	Titores e titoras de prácticas Servizo de Emprego Vicerreitoría de Profesorado Equipo decanal Coordinación de titulación	Como se indica na relación de propostas, algunhas accións de mellora estanse xa a levar a cabo actualmente.  Curso 2016-2017 (cando se estea a preparar a distribución de descontos docentes e o POD para o curso 2017-2018)	Servicio de transferencia Equipo decanal Coordinación de titulación
----------------------------	-----------------------------------	---	---	--	--	---

		<p>prioritario. Con respecto ós titores de destino no caso de prácticas realizadas en institucións e servizos da universidade de Vigo, o seu escaso interese débese, probablemente, a que eles son "clientes finais" dos textos traducidos (contrariamente a prácticas realizadas en axencias de tradución ou con tradutores autónomos) e o seu obxectivo último e poder contar coas traducións xa rematadas. Por iso, as medidas adoptadas na facultade para mediar neste tipo de prácticas (as instituciónais e en servizos internos da universidade) para que os alumnos teñan o <i>feedback</i> necesario para o seu aprendizaxe son:</p> <p>Recurso a revisores nativos que corrixen as traducións e envían informes de erros, que se lles fan chegar aos alumnos (financiados mediante os programas PRACTICUM da universidade).</p> <p>Recurso a alumnado de programas de intercambio (Erasmus, ISEP...), que actúan como revisores das traducións.</p>	<p>Por outra parte, hai que continuar dende a coordinación promovendo o traballo conxunto entre titores e titoras de carácter académico e de prácticas.</p> <p>Finalmente, estanse xa desenvolvendo accións para mellorar a xestión das prácticas (recordatorios a través da plataforma de docencia para que titoras e titores académicos fagan un seguimento continuado da práctica).</p>			
--	--	---	--	--	--	--

<p><b>1. A xestión da titulación</b></p>	<p><b>1. Organización e desenvolvemento</b></p>	<p>3. En relación coa necesidade de completar a implementación da acción de mellora coa nova normativa do Traballo Fin de Grao, hai que sinalar que no momento de entrega da documentación para a acreditación (novembro 2015) aínda non se aprobara o novo regulamento do centro para a materia de Traballo de Fin de Grao.</p>	<p>O 4 de marzo de 2016 aprobouse en Xunta de Facultade o novo regulamento do Traballo Fin de Grao para adaptarse á normativa da Universidade. Este Regulamento foi discutido e aprobado anteriormente na Comisión de Calidade celebrada o 3 de febreiro de 2016. O documento é accesible dende a páxina web da Facultade a través do seguinte enlace: <a href="http://fft.webs.uvigo.es/documentos/Regulamento-TFG.pdf">http://fft.webs.uvigo.es/documentos/Regulamento-TFG.pdf</a>.</p> <p>A nova normativa xa está implantada no curso 2015-2016, con efecto dende a convocatoria de maio.</p>	<p>Comisión de Calidade Equipo decanal Xunta de Facultade</p>	<p><b>Xa resolto en marzo de 2016</b></p>	<p><b>Equipo decanal Coordinación de grado</b></p>
--	---	--	---	---	---	--

1. A xestión da titulación	1. Organización e desenvolvemento	<p>Continuaranse a realizar reunións co profesorado implicado na impartición de materias que acusen problemas en canto á impartición irregular dos contidos incluídos na memoria e nas guías docentes.</p> <p>Tamén se seguirán a enviar indicacións específicas antes da elaboración das guías docentes, nas que se insiste na definición e desenvolvemento das competencias da materia e o seu vencello real cas metodoloxías docentes e probas de avaliación.</p> <p>Fomentar a participación do profesorado no programa DOCENTIA, no que os docentes teñen que proporcionar materiais didácticos e guías docentes das materias.</p>	Departamento Vicedecanato de calidade Equipo decanal Coordinación da titulación	Mellora en proceso continuo de realización a través das diferentes reunións co profesorado (o día 30 de maio de 2016 está marcada unha nova reunión co docente da materia sinalada no informe)	Vicedecanato de calidade Equipo decanal Coordinación da titulación
	<p>4. No que atinxe á obrigatoriedade de impartir a totalidade de contidos das materias que constan nas guías docentes, tal e como sinala a comisión avaliadora da ACSUG, é necesario indicar que a impartición de contidos debe axustarse á memoria do título. Isto supón que os docentes non poden interpretar a liberdade de cátedra en canto aos contidos da materia. Dende a coordinación estanse a celebrar diversas reunións co profesorado, con resultados desiguais na resposta dos docentes.</p> <p>O 13 de marzo de 2014, a coordinación de grado e o vicedecano de calidade reuníronse co docente de la materia <i>Introdución ás ámbitos de especialización para a Tradución e Interpretación e Aspectos profesionais da T/I</i> para informarlle das queixas recibidas na coordinación e a través dos tiores de PAT. Suxeríuselle que cambiase o corte lingüístico da asignatura a favor de contidos específicos relativos ao ámbito da tradución e a profesión.</p> <p>En marzo de 2015, dende a coordinación contactouse co alumnado de materias que tiñan queixas do curso anterior e non referiron problemas nesta materia o que non significa que non existan porque a situación non cambiou. De todo isto pode inferirse que si se están levando a cabo accións de coordinación para resolver este problema e outros, pero que non sempre se obteñen os resultados desexados.</p>				

Aspectos que é preciso mellorar						
Resumo da Dimensión 1 Criterio 2: Carencias na Información pública do grao na web da FFT.						
Dimensión	Criterio	Análise da/s causa/s	Accións que se van a desenvolver			
		Outras unidades colaboradoras	Data prevista resolución	Responsable/s execución e/o seguimento		
1. A xestión do título	2. Información e transparencia	<p>Detéctase que a accesibilidade á información pública do Grao de Tradución e Interpretación na web da Facultade debe mellorarse. Aínda que se observa unha mellora progresiva, solicítase que se continúe co desenvolvemento desta acción. A causa é o carácter obsolecente da programación das webs, que deben someterse a revisión para adaptarse ás novas necesidades dos diferentes grupos de interese. O novo equipo decanal entrou en novembro de 2015, polo que non puido emprender a reforma integral da web da FFT ata pasada a visita da comisión avaliadora da ACSUG.</p>	<p>Estase a facer unha reforma integral da páxina web da FFT na que se incorpora toda a información institucional do centro e toda a información académica relativa aos títulos de grao e de máster impartidos no centro. Tras a realización do procedemento "DO-0301 P1 Información Pública e Rendemento de Contas", aprobado na Comisión de Calidade celebrada o 12 de maio de 2016, detectáronse algunhas carencias que serán subsanadas neste proceso de reforma.</p> <p>Na comisión de Calidade celebrada o día 12 de maio de 2016 deuse a oportunidade de que os membros que a compoñen aportasen suxestións para levar a cabo as melloras que consideren pertinentes</p>	<p>Comisión de Calidade</p> <p>Comisión permanente</p>	<p>Setembro 2016</p>	<p>Equipo decanal</p>

Aspectos que é preciso mellorar

Resumo da Dimensión 3 Criterio 7: Detectouse que os resultados das enquisas de satisfacción dos estudantes poñen de manifesto unha cualificación baixa do item Planificación e desenvolvemento, como tamén é baixo o índice de satisfacción coa calidade entre o estudantado

Dimensión	Criterio	Análise da/s causa/s	Accións que se van a desenvolver	Outras unidades colaboradoras	Data prevista resolución	Responsable/s execución e/o seguimento
3. Resultados	7. Indicadores de satisfacción e rendemento	7.1. O resultado ten relación coa baixa participación do alumnado e, probablemente, tamén con que sexa o alumnado de terceiro curso o que cubre a enquisa. En terceiro coinciden materias impartidas por docentes sobre os que se rexistraron queixas nos últimos anos. Por outra banda, o paso dos cursos iniciais, máis xenéricos en canto a contidos, fronte aos cursos máis especializados pode xerar insatisfaccións en termos de incremento da dificultade das materias, o que pode ser xerme de que sexa o alumnado con máis problemas neste sentido o máis proactivo á hora de cumprimentar a enquisa.	Dende a coordinación vaise fomentar unha participación maior nas enquisas de satisfacción a través dos representantes de alumnado (esta acción desenvolveuse este curso pero aínda non temos datos definitivos). Asímismo, dende a Área de Calidade da Universidade de Vigo, así como da FFT, solicítouse ás coordinacións dos títulos e ao equipo decanal a maior difusión das enquisas. Este fomento da participación de todos os sectores do centro realizouse a través de distintas canles: Faiite, pantalla de plasma da FFT e correo masivo ás listas da FFT. Estas accións deron os seus froitos, pois a falta dalgúns días para o peche das enquisas de satisfacción, a FFT acadou un 29 % de participación, unha cifra por enriba da media da Universidade de Vigo.	Delegación de alumnado Coordinación da titulación CGC da FFT	Mellora en proceso de realización dende abril de 2016	Equipo decanal Coordinación da titulación

3. Resultados	7. Indicadores de satisfacción e rendemento	7.2. En canto ao baixo índice de satisfacción coa xestión da calidade do centro, tendo en conta que é a primeira vez que se pregunta sobre este ítem, no caso do alumnado, podería ser que non soberan a que se refería exactamente esta pregunta. En realidade, dende a coordinación percíbese tamén que nivel de confusión nas respostas do alumnado ten que ver co feito de que coñecen a existencia do SGIC pero non ven resoltas as súas queixas de xeito satisfactorio, aínda que as comunican correctamente a través das canles oportunas de PAT, Coordinación e buzón QSP. Por iso, analizamos este baixo índice no alumnado en función das causas sinaladas.	A mellora en canto ao número de alumnado que responde pasa por ofrecer máis información sobre a calidade do centro a través das canles de difusión da FFT, sobre todo da web da facultade que está a reformarse de forma integral.  Tamén é preciso activar dende o equipo decanal procesos máis dinámicos para resolver algunhas cuestións que reclama o alumnado en canto á calidade da docencia para que vexan reflectidos os resultados dos procesos de calidade e valoren positivamente a xestión neste sentido.  Finalmente, en canto ao profesorado, é preciso dende a CGC e especialmente dende o Vicedecanato de calidade facilitar e simplificar todo o relativo aos diferentes procedementos de calidade co fin de que valoren o sistema de forma máis positiva.	Equipo decanal CGC	Setembro 2016 (no relativo á información proporcionada na web da FFT)	Vicedecanato de Calidade
					<p><b>Mellora en proceso de realización no relativo á realización de reunións para solucionar de forma áxil os requerimentos do alumnado.</b></p>	

## 2. RECOMENDACIÓN PARA A MELLORA

Recomendación para a mellora sinalada no informe

Resumo Dimensión 1 Criterio 2. Recomendase completar a información sobre os representantes dos estudantes nas comisións da FFT, facer públicos os compoñentes das delegacións, completar a información relativa ao Traballo Fin de Grao e, finalmente, mellorar a visibilidade do traballo da Comisión de Garantía de Calidade (CGC) a través da publicación da composición nominal, actas e acordos das reunións da CGC da FFT.

Dimensión	Criterio	Análise das causas	Accións que se van a desenvolver	Outras unidades colaboradoras	Data prevista resolución	Responsable/s execución e/o seguimento
1. A Xestión do Título	2. Información e transparencia	1. A falta de información sobre os representantes do estudiantado e a composición da Delegación de Alumnado xustificase fundamentalmente no feito de que ata o cambio no equipo decanal en novembro de 2015 a presenza do alumnado era mínima ou nula nos órganos colexiados e comisións delegadas. Tras un proceso de concienciación ao alumnado levado a cabo entre decembro e xaneiro de 2015-2016 logrouse acadar unha participación importante do estudiantado.	1. O 17 de febreiro de 2016, tras o proceso de concienciación solicitado dende a área de calidade da FFT e dirixido polas coordinacións dos títulos e por iniciativas do profesorado, a Xunta Electoral enviou á Secretaría Xeral a proclamação definitiva das candidaturas para representación do alumnado na Xunta de Facultade, na que constan os nomes dos 31 alumnos e alumnas matriculados na FFT. No actual proceso de reforma integral da web da FFT xa se contemplou un submenú específico para incluír as composicións de órganos colexiados e comisións da FFT. Tamén se recollerá a composición, estatutos e estrutura da Delegación de alumnado.	Coordinación do título	Setembro 2016	Equipo Decanal



	<p>2. En canto á falta de información pública relativa a algúns aspectos do Traballo Fin de Grao (líñas e triñunais), ás prácticas externas, ao perfil de ingreso recomendado, normativa de permanencia, e á oferta de IFG, as causas son novamente relativas ás deficiencias da páxina Web da FFT que estaba dispoñible no momento da visita da comisión avaliadora, posto que se admite que esta información si está recollida noutras canles de difusión.</p>	<p>2. Na reforma integral da páxina web da FFT que se está a levar a cabo dende abril de 2016 incluírase toda a información requirida pola comisión, en submenús específicos accesibles e fáciles de localizar.</p> <p>Seguirase ademais poñendo esta información nas canles nas que xa estaba dispoñible ata o momento, como na plataforma docente Fatic e nos taboleiros da FFT.</p>	<p>Comisión de calidade da FFT</p>	<p>Setembro 2016</p> <p>Equipo Decanal</p>
	<p>3. Pouca visibilidade do traballo da Comisión de Garantía de Calidade (CGC)</p>	<p>Un dos aspectos que xa se tratou na Comisión de calidade celebrada o 12 de maio de 2016 é a necesidade de reformar a información pública relativa á propia comisión. Xa se fixo unha proposta de reforma do botón de Calidade da web da FFT na que se contempla a publicación da composición nominal e das actas e acordos das reunións da comisión na web da Facultade, entre outros documentos.</p>	<p>Comisión de calidade da FFT</p>	<p>Maio-Setembro 2016</p> <p>Equipo Decanal</p>

Recomendación para a mellora sinalada no informe

Resumo Dimensión 1 Criterio 3: Recomendase continuar coa promoción da participación do alumnado, do profesorado e do PAS do centro nas enquisas de satisfacción; a promoción da participación activa do alumnado nas Comisións da Facultade; a difusión da importancia de avaliar a calidade da docencia a través do programa DOCENTIA ou similares; e a sistematización da recollida e análise de datos de satisfacción do alumnado sobre programas de mobilidade.

Dimensión	Criterio	Análise das causas/s	Accións que se van a desenvolver	Outras unidades colaboradoras	Data prevista resolución	Responsable/s execución e/o seguimento
1. A Xestión do Título	3. Sistema de Garantía de Calidade	<p>1. Sobre a baixa participación do alumnado, do profesorado e do PAS do centro nas enquisas de satisfacción, as causas poden estar na falta de visibilización da utilidade das respostas, así como no feito de que se realicen de forma virtual e non en papel (como as do profesorado).</p> <p>2. En relación co mantemento da participación do alumnado nas Comisións da Facultade que se observa dende febreiro de 2016, as causas da falta de participación observada no curso 2014-2015 pode estar no feito de que en anteriores equipos decanais da FFT non se concedera a importancia radical que ten este aspecto no bo</p>	<p>1. Dende a Área de Calidade da Universidade de Vigo, así como da FFT, solicitouse as coordinacións dos títulos e ao equipo decanal a maior difusión das enquisas nas etapas en que están abertas. Este fomento da participación de todos os sectores do centro realizouse a través de distintas canles: Fattic, pantalla de plasma da FFT e correo masivo ás listas da FFT. Tamén se contempla a actualización da información sobre índices de participación na páxina web da Facultade. Estas accións deron os seus froitos, pois a falta de máis de dez días para o peche das enquisas de satisfacción, a FFT acadou xa un 25,7 % de participación, unha cifra por encima da media da Universidade de Vigo.</p> <p>2. Como xa se indicou, o 17 de febreiro de 2016, tras o proceso de concianciación solicitado dende a área de calidade da FFT e dirixido fundamentalmente polas coordinacións dos títulos e por iniciativas do profesorado, a Xunta Electoral aprobou a proclamación definitiva das candidaturas</p>	<p>Coordinación da titulación CGC da FFT</p>	<p>Maió-setembro 2016</p>	<p>Equipo Decanal</p>
				<p>Coordinación da titulación CGC da FFT</p>	<p>Xa solucionado. Mellora continua para a consolidación</p>	<p>Equipo Decanal</p>

		<p>funcionamento do centro. Como a propia comisión avaliadora indica no informe, isto está subsanado e a mellora debe ir orientada a seguir promovendo a participación do sector alumnado en todas as comisións, xa que se trata dun grupo de interese fundamental no sistema universitario.</p> <p>3. Sobre a importancia da participación en programas de avaliación do profesorado, en concreto no programa DOCENTIA, hai que sinalar como causa fundamental que o primeiro curso no que se implantou na Universidade de Vigo foi no 2015-2016, para avaliar xustamente o curso 2014-2015.</p> <p>4. Finalmente, en canto á falta de evidencias sobre a sistematización na recollida e análise dos datos de satisfacción do alumnado cos programas de mobilidade, as causas poden atoparse na ausencia dunha enquisa específica ata o curso 2015-2016 para coñecer estas informacións.</p>	<p>para representación do alumnado na Xunta de Facultade, na que constan os nomes dos 31 alumnos e alumnas matriculados na FFT. No actual proceso de reforma integral da web da FFT xa se contemplou un submenú específico para incluír as composicións de órganos Colexiados e comisións da FFT. Existe participación do alumnado en todas as comisións da FFT. En concreto, na Comisión de Calidade participan xa unha alumna e un alumno.</p> <p>3. Na actualidade xa se lle deu visibilidade ao programa DOCENTIA a través do plataforma FAITIC da CGC da FFT, e tamén se proxectou un acceso específico na web da Facultade, dentro do botón de calidade. Ademais, a Área de Calidade da Universidade de Vigo ofrece información sobre este programa e xa requiriu información aos centros e ao profesorado para <u>completar a súa avaliación anual.</u></p> <p>4. A mellora pasa necesariamente por implementar unha enquisa específica de satisfacción cos programas de mobilidade. Esta enquisa está feita dende hai tempo pero ten que validala a Vicerreitoría de Alumnado.</p>	<p>CGC da FFT Área de Calidade da Universidade de Vigo</p>	<p>Mellora en proceso de realización dende febreiro de 2016</p>	<p>Equipo Decanal  Vicedecanato Relacións Internacionais Vicerreitoría de alumnado</p>
--	--	---	--	--	---	--

Recomendación para a mellora sinalada no informe						
Dimensión	Criterio	Análise das causas	Accións que se van a desenvolver	Outras unidades colaboradoras	Data prevista resolución	Responsable/s execución e/o seguimento
Resumo Dimensión 2 Criterio 4: Recomendase ofertar programas de formación en idiomas para o PAS do centro.						
2. Recursos	4. Recursos Humanos	Sobre a falta de oferta formativa en idiomas do PAS do centro, en realidade a causa de que non se ofertan dende o centro é que xa se ofertan dende o catálogo xeral de cursos ofertados na Universidade de Vigo a través de Bubeia. Moitos dos cursos ofertados están dirixidos á totalidade da comunidade universitaria (incluído o PAS) e outros incluso son específicos para PAS. No que se refire a idiomas, Bubela ofrece os seus cursos de linguas a través do Centro de Linguas da Universidade de Vigo, cuxa sede está ubicada na Facultade de Filoloxía e Tradución, polo que o PAS do centro dispón de moitas facilidades para coñecer e acceder a estes cursos.	Dende o equipo decanal tratarase de incentivar ao PAS para que realice os cursos específicos de idiomas que se ofertan tanto para PAS como para toda a comunidade universitaria no Centro de linguas.	Centro de linguas	Mellora continua no curso 2016-2017	Equipo decanal

Recomendación para a mellora sinalada no informe

Resumo Dimensión 3 Criterio 7: Recomendase a incorporación dunha análise sobre a inserción laboral e a satisfacción dos egresados nos futuros autoinformes de seguimento

Dimensión	Criterio	Análise das causas	Accións que se van a desenvolver	Outras unidades colaboradoras	Data prevista resolución	Responsable/s execución e/o seguimento
3. Resultados	7. Indicadores de satisfacción e rendemento	Por unha parte, a causa de que no Grao en Tradución e Interpretación non se dispoña de información sobre inserción laboral é que, aínda que ten unha enorme importancia coñecer o grao de satisfacción do alumnado egresado este punto deixouse tradicionalmente nun segundo plano, o que ocasiona a falta de información acerca da inserción laboral e a satisfacción do alumnado egresado.	En marzo de 2016 dende a Área de calidade da universidade púxose en marcha unha enquisa específica para empregadores e outra específica para estudiantado egresado co fin de coñecer o seu grao de satisfacción	CGC da FFT	Xa resolto en marzo de 2016	Área de Calidade da Universidade de Vigo Coordinación do Grao

Universidade de Vigo

Campus de Vigo

Facultade de Filoloxía  
e Tradución

Praza das Cantigas, s/n  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España


Tel. 986 812 251  
Fax 986 812 380

webs.uvigo.es/fft  
sdfft@uvigo.es


**ID MEC: 2500888**  
**Nº EXPEDIENTE: 1007/2009**

Vigo, 30 de maio de 2016

Vº B. O Presidente CGC FFT  
Luis Alonso Bacigalupe



A Secretaria CGC  
Susana Rodríguez Barcia



# Universidade de Vigo

*Campus de Vigo* Facultade de  
Filoloxía e  
Tradución


*Praza das Cantigas, s/n*  
*Campus de Vigo*  
*36310 Vigo*  
*España*

*Tel. 986 812 251* *webs.uvigo.es/ffi*  
*Fax 986 812 380* *sdffi@uvigo.es*

**ID MEC: 2500888**  
**Nº EXPEDIENTE: 1007/2009**

Dilixencia para facer constar que este "Plan de accións de mellora en resposta ao informe provisional de avaliación para a renovación do título Grao en Tradución e Interpretación" foi aprobado sen alegacións na reunión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o 3 de xuño de 2016.

O Deano da Facultade de Filoloxía e Tradución



D. Luis Alonso Balcigalupe